

FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 2
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / ____		Sexo:	Home ☐	Muller ☐
Lugar de nacemento:	☐ Galicia ☐ Outras comunidades de España ☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía				
Lugar de residencia:	☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea				
Tipo de estudos cursados:	☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga



2

Proba A1

Vostede dá clase nun colexio e, despois de ver unha reportaxe sobre “Os contos do camiño”, decide escribir unha mensaxe para informar os seus compañeiros, xa que pode ser unha actividade moi interesante para o centro. Na **mensaxe electrónica**, en **200 palabras**, vostede ten que:

- Dirixirse aos seus compañeiros facendo referencia ao programa e resumindo o seu contido.
- Salientar a importancia dos obxectivos do proxecto.
- Xustificar por que lle parece relevante para a escola.
- Ofrecerse para pór en marcha a actividade e pedir a colaboración dos compañeiros.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Vostede sabe que un amigo seu ten un fillo de oito anos moi acatarrado, entón decide mandarlle a información dun medicamento e duns remedios caseiros. Baseándose nos textos que hai a continuación, redacte unha **mensaxe electrónica**. No texto, de **200 palabras**, vostede ten que:

- Saudalo e interesarse pola saúde do neno.
- Explicarlle para que serve o medicamento, a dose que debe tomar e destacar os efectos non desexados que pode producir.
- Como complemento ao medicamento, suxerirlle poñer en práctica dous dos remedios naturais.
- Despedirse e desexarlle que mellore axiña.

XAROPE ANTITUSIVO

Composición

Cada ml (= 15 gotas) contén:
Hidrocloreuro de bromhexina 2 mg
Excipientes

Propiedades

Efecto mucolítico e expectorante por activación das glándulas seromucosas. Provoca diminución da viscosidade da secreción bronquial e activa a expectoración.

Indicacións

Bronquite
Tose aguda
Asma bronquial
Profilaxe das complicacións
broncopulmonares

Dosificación

Preferentemente antes das comidas.
Adultos: 2–4 ml (30–60 gotas) tres veces ao día.
Nenos: 1 ml (15 gotas) tres veces ao día.
Lactantes: 6–8 gotas tres veces ao día.

Observacións

Este antitusivo tolérase perfectamente, de xeito que pode administrarse durante moito tempo sen que se observen efectos secundarios. Nos procesos crónicos recoméndase prolongar o tratamento durante varias semanas, co obxecto de limpar axeitadamente as vías bronquiais.

Contraindicacións

Debe administrarse con precaución a pacientes con úlcera gastroduodenal.

Efectos secundarios

Eventualmente, en pacientes moi sensibles, pode producir molestias gástricas ou vómitos.

Presentación

Frasco con 50 ml para administración oral.

Sen receita médica

REMEDIOS NATURAIS PARA O CATARRO

Para curar un catarro ou aliviar os seus síntomas, o mellor é poñer en práctica algún destes remedios caseiros:

Un deles consiste nunha infusión que combina tomiño, eucalipto e piñeiro. Unha cullerada de cada un nun litro de auga, fervido 15 minutos e logo coado. Débense beber dúas ou tres cuncas da tisana a diario.

Outros dos excelentes aliados naturais contra o catarro son o mel e o limón. Prepárase poñendo dentro dun recipiente unhas dez culleradas de mel co zume dun limón. A dose é unha culler pequena desta preparación catro ou cinco veces por día. Trátase dun excelente expectorante, a flegma irá expulsándose naturalmente.

Un vello “truco da avoa” consiste en cortar unha cebola pola metade e deixala na mesa de noite mentres se dorme. O aroma adstrinxente pode resultar algo molesto ao principio, pero os resultados pagan a pena.

Outras herbas como o loureiro ou o ourego, en forma de tisanas, son tamén moi efectivas contra o catarro. Tamén o allo e mais os cítricos axudan nesa misión.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2